

# *Pregón das festas de Betanzos 1981, pronunciado por Xoán Naya Pérez.*

Raiña e señora,  
belas damas da súa Corte,  
señores e amigos todos:

Sexan as miñas primeiras palabras de gratitudade por terme convidadec a pronunciar o Pregón das festas que a cidade de Betanzos dos Cabaleiros celebra en honra de San Roque o seu celestial Patrono. Confeso humilde mente que vos falo abrumado polo recordo dos que me precederon neste mester ilustre. Espántame o recordar que neste mesmo sitio oíchedes as voces más nobres que se poideran ouir en España; mais animármame a inmensidade da vosa belevolencia e da vosa cortesía, seguro como estou de que acolleredes ben a quen ven sin outro anceio que o de compraceros e serviros.

Dende o lonxano ano en que tiven a honra de acadar un premio nos Xogos Florais aqui celebrados, non tivera ocasión de facer sonar a miña voz en público nesta antiga cidade de espírito delicado que sabe compaxinar o belo co práctico, onde cae, como en ningunha vila galega a choiva mansa, morna e pracenteira que tanto gosta aos nativos desta terra, choiva que tantas e tantas veces contempléi dende os soportáis desta simpática praça do Campo. Galicia, terra en que a choiva é motivo decorativo e musical continuo, é terra de soportáis. Soportáis aldeáns ou de cidade. Inexequentes soportáis estos de Betanzos. Baixo deles, a vida segue, nos longos días invernáis, ainda que tempo sexa hostil e o vento poña un tremor de consella medrosa sobre das palabaras de campesinos en torno ás fogatas fogareñas.

Si toda data memorable na vida dos pobos equivale a un fito no calendario do tempo, chegados estos días de agosto, xa rebasado o centro d'ano e ápice do noso espírito, festivididade do milagroso santo de Montpellier, constitue regra de bon camiñante deterse a contemplar con mirada emocionada a cidade que bañan o Mendo e o Mandeo, outro fito importante nas estradas de Galicia, e por suposto, da xacobeira. Nas noites próximas deste mes no ceo de Betanzos, escoltada polas torres das suas eirexas rubiran en fugaces paráboas multicoores os fogos de artificio como unha

galaxia familiar e humanizada, nacida do xúbilo e a devoción conque a antiga cidade conmemora estos días caniculares as súas festas patronáis.

É nestos días cando Betanzos desperta ao presente e volta o espírito ao pasado, depura o seu tono de cidade ilustre e renova, co gozo das evocacións, os días más groriosos da súa existencia, ofrecéndose xentil como unha camelia á beira da auga. Penso que a incomparable brilantez dos festexos pretéritos que eu coñecín fai cada vez más difícil a orixinalidade dos novos; pero a ledicia axuda en Betanzos a calquer esforzo festeiro. Cada ano os mesmos ou parecidos gallardetes; pero cada ano unha nova espranzada sorrisa. Cada ano as mesmas ou parecidas iluminacións, idénticos ou análogos festexos; pero cada ano un novo garbo, unha ledicia nova, rigorosamente inédita, que estrenan non soio os betanceiros de todas classes, sinón tamén as augas limpas dos seus ríos.

As festas de Betanzos son inigualables porque o seu maior encanto non o contén o programa nin está na beleza indiscutible da cidade nin no atractivo indudable dos números de festexos. Está naquela ledicia popular, que ao non ser populachera ten lexítimas ínfulas aristocráticas. O pobo de Betanzos divírtese en ledicia desbordante, pero con un excepcional empaque de señorío aberto que non confunde, sinón que funde o grande e o pequeno e que aos dous envolve na amalgama da risa. Por eso estas festas teñen ese carácter señorial e popular ao mesmo tempo, que é difícil atopar en outro calquer punto que non sexa Betanzos. Eu son un testigo de maior excepción, pois de antiguo veño sempre a Betanzos a solazarme cos seus festexos, e por Betanzos teño, tamén de antiguo, verdadeira e sincera devoción. Tanto é asín, que citaréi, por exemplo, algo ocurrido non hai moitos anos. Atopábame no Muséu do Louvre, en París, recorrendo aquelas saas, cando, de súpeto, dinme de cara coa estatua de Diana Cazadora, a mesma que, reproducida, está na praza do Campo desta cidade, pasa dun século. A emoción que sentín non é para descrita, soio podo recordar que quedéime estantío pensando que visto aquel milagre en calquer momento podía parecerse a milenaria torre de Hércules ou o Pórtico da Gloria. Á vista daquela obra de arte sentinme máis perto de Galicia no espacío.

Hai por outra parte en min gratas memorias deste acolledor e risoño pobo e dos seus homes más representativos nunha época que eu coido quizaves a máis feliz da miña existencia. Ao recordo veñen neste intre os nomes de betanceiros que aquí vivían e con quenes tiven amistade: o profesor Francisco Xavier Martínez Santiso, que xa xenecto, gallardamente soportaba unha anxina de peito e, como él decía, unha bomba próxima a estalar, como así sucedéu e ao que vin dibuxar un hórreo tan fermoso que non vin outro nunca; don Xosé Alguero Penedo, notario, home de boas letras e palabra fácil e elegante que facía as delicias dos seus quintos; o saudoso Xosé Veiga Roel, admirable artista, de quen recebín ais meirandes probas de amistade, e ¿qué decir do meu venerable mestre don Francisco

Vales Villamarín, que nutríu a miña minerva con manxares denantes coñecidos?. Están por outra banda tamén aqueles outros que ainda nacidos en Betanzos, e por tanto sentíndose fachendosos por tal suceso, apenas viñan por aquí, pero que levaban a Betanzos no seu corazón. Refírome a don Fernando Cortés Buxía, o extraordinario artista do lápiz, director que foi da Escola de Artes e Oficios da Cruña; don Xosé García Acuña, prestixioso literato, membro significado da carreira diplomática, mestre de xornalista académico, a cuio enterro asistín aquí en compañía das figuras más representativas da cultura galega daquel tempo, e don Salvador Cabeza de León, decano da Facultade de Dereito e rector da Universidade de Santiago. A todos eles vaia o meu máis emocionado recordo que non se esvaí nunca e que eles saberán que é certo si están, como é de supoñer, na rexión da luz eterna.

Recordo tamén con certa nostalxia un día xa lonxano en que fora da España atopeime cun señor que estivera en Betanzos nos seus anos mozos e asistira á xira festeira dos Caneiros. O primeiro que me preguntou foi si seguíase facendo a travesía polo río; opinaba él que con tantas mutacións que trouxeran ventos adversos, quizaves aquela festa desaparecería para sempre, cousa que o tiña entristecido. Ao decirlle eu que a festa non morrera, mirou para mim dun modo particular para agradecerme a boa noticia. Véxase como Betanzos, aparte de ser coñecida polo seu ricaz tesouro artístico o é tamén por esa xira polo Mandeo á que hai que calificar de feiticeira.



(Foto Fersal.)

Respecto dos Caneiros venme a memoria que cando era neno e ouía falar de Betanzos, inmediatamente asoiaba tal nome ao da festa. Do burgo betanceiro e do paraxe tiña unha idea —a traveso daquelas referencias—, que estimaba un tanto fabulosa. Pero cando aquí viñen, pasados algúns anos, non sofrín desencanto algúun: é máis, a realidade fixome ver que a miña imaxinación quedárase curta. Desta visita, como de outras que fixen a diversos puntos do país galego en tenra edade, gardo o millor dos recordos. Está tan vivo ainda como ao seguinte día de tela realizado. Entón as impresións grabábanse no cerebro como si éste fose de cera, e así podo fácilmente describila. Un día dazaoito de agosto cheguéi a Betanzos. Acompañábame un amigo cruñés que coñecía Betanzos moi ben e que xa tiña vido aos Caneiros varias veces. Era un admirador apaisoado de Betanzos e dos seus arredores feiticeiros, cousas das que me falou entusiasmado no tren. Moitas veces atribuí este afecto meu por Betanzos ao bó amigo, morto xa hai anos...

Unha parte da mañán daquel día empleámola en recorrer o pobo. Nada quedou de interesante, do moito que garda, que nono houbese visto e ate gostado. Cando chegamos ao alto vimos o río que corre bordeando a extensa horta do contorno. Pareceume que na súa calada corrente había unha gran poesía e unha infinita tenrura. Despois o apreciéi más de perto cando, embarcado, fun ao Campo dos Caneiros, en donde celebrábase a festa. Alá fumos, pois. Con ducias de lanchas detrás e outras tantas diante de nós, a nosa embarcación escorregábase prácidamente. O río, que espella nas súas augas as frondosas ribeiras festoneadas de ricaces viñedos, levaba tamén a risas frescas das mozas que nos acompañaban; baixo a súa profundidade transparente advertíanse os seixos branquísimos...

Todo canto se diga deste cache de río enmarcado en dúas ribeiras de ensono é pouco. Algunhas descripcións que teño lido debidas a prumas relevantes non me deixaron satisfeito. Como non creo, probe de min, que satisfaga a naide ésta. Tal é de soberbio todo.

O meu amigo facíame ouservar aquelo en un tono inspirado entre doce e melancónico e áinda señalóume os pámpanos dalgunhas viñas próximas, agobiadas por un sol incremento. Chegamos ao fin ao campo. A concurrencia era enorme e privaba entre ela un mullerío fermosísimo. Os soutos, aos que chegaban débilmente os raios daquel sol, lucían unha tupida e fresca herba. Alí se comeu e se danzou ate cansarse. A potencia estomacal do país estivo ben representada.

Cando retornamos, xa posto o sol, as embarcacións adquiriron un tono pantástico. Os faroles de coores que as adornaban, proxectaban sobre nosotros unha luz bermella, quasi pantasmal. Improvisados coros entonaban moi agradables cancións e algún que outro afinado solista erguía a súa voz para cantarnos unha fermosa balada do país. Como nun sono chegamos á

Ponte Vella, donde embarcáramos.

Fóiseme o tempo con este recordo dos Caneiros e sinto non poder adicar, ainda que non fosse máis que uns minutos, ao valor histórico e artístico desta vella urbe, como se fai sempre nestes casos; falar da súa paisaxe e recordar que así como en Castela é corrente que se diga que «Galicia é a horta e Ponferrada a porta», do mesmo modo pode asegurarse que esta cidade é a que anuncia e da entrada na extensa comarca de ambas Mariñas, e aos continuados vales que as constituyen e que baixo estos ceos cheos de lus e claridade, é donde se falou, quizaves coa meirande corrección e era más ricaz o noso docísimo idioma; porque ao pasar a lingua as alturas de Melide a Sobrado, que a conservaban hai anos na súa total enxebreza, nada perdía nestas ribeiras en que parecía debera extinguirse ou corromperse, porque os litoráis son abertos a toda clase de mudanzas. A todo esto poderíame referirme, mais penso que saberedes perdoarme en gracia a que son temas que vos sabedes moi ben e que nada novo tería de engadir ao xa coñecido e dito polos sabios estudosos que están na memoria de todos. Quizaves recordar o atractivo que Betanzos ten para os espíritos selectos, como o de Unamuno, que hai perto de setenta anos manifestou que aquí, en Betanzos viviría a gosto, ou o más recente expresado por outra persoa tamén moi docta en letras, como a do doctor Rafael Caldera, ex presidente de Venezuela, que tamén tivo para este pobo as millores gabanzas.

Así que aquí finalizamos o pregón, non sin antes volver a saudar á xentil Raiña das festas e á súa Corte, dexellándolle as meirandes venturas. Feito esto, soio queda por decir que as portas das festas de Betanzos están abertas. A divertirse, pois, e a gozar todos nelas ate esgotar este tesouro de ledicia de boa lei que Deus nos regala cada ano.

DIXEN.